



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

Vigo, 27 de outubro de 2016

Sres. Presidentes dos Clubs de Montaña de Galicia

**ASUNTO: CIRCULAR AOS CLUBS FEDERADOS GALEGOS SOBRE A APERTURA DUN PRAZO NO 2016 DE ADMISIÓN DE NOVOS TÉCNICOS DEPORTIVOS NA E.G.A.M.**

Estimados amigos Presidentes:

Co gallo do incremento das necesidades da Escola Galega de Alta Montaña (E.G.A.M.), da Federación Galega de Montañismo, temos que facer unha convocatoria para acadar máis federados que queiran colaborar como técnicos da E.G.A.M. na formación dos deportistas galegos.

Como queira que os técnicos da E.G.A.M. teñen que ter *vontade* de estar na E.G.A.M., e *capacidade* de traballo en beneficio do noso deporte e dos nosos deportistas, abrimos inmediatamente un prazo ata o 31 de decembro de 2016 para que, as persoas que cumpran as condicións, podan solicitar o ingreso na E.G.A.M. cumprindo as seguintes condicións:

- Levar os dous últimos anos consecutivos federados en montañismo en Galicia.
- Estar en posesión do título de Técnico Deportivo de nivel 1 (Certificado de Excursionismo), ou nivel 2, ou 3 seguindo o establecido no Real Decreto 318/2000.

Para máis información poderán poñerse en contacto directamente co Director da Escola Galega de Alta Montaña no tel. 627 016 579, ou co Director Técnico da Federación Galega de Montañismo no tel. 986 208 758 de 10,00 a 14,00 horas de luns a venres.

As persoas interesadas poderán descargar o formulario oficial que teñen que presentar en [https://drive.google.com/file/d/0BzwXr\\_BMUvYxc080WDY2bWNaVDA/view?usp=sharing](https://drive.google.com/file/d/0BzwXr_BMUvYxc080WDY2bWNaVDA/view?usp=sharing)

Pregamos se lle de a máxima difusión entre os federados das vosas Entidades Federadas en beneficio de todos.

Recibide un cordial saúdo e unha forte aperta

O Presidente da Federación Galega de Montañismo

Asdo. Adolfo Puch Domínguez

